



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 23 de outubro de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDESA-PRESIDENTA EN FUNCIÓNS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de non Asistentes

D. ALBERTO VARELA PAZ
DONA PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 23 de outubro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 16/10/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/4766

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o contrato de mantemento dos servidores da plataforma hardware virtual do Concello coa empresa Ozona Consulting S.L. dende novembro de 2017 ata outubro de 2018 por importe de 4.989,48€ (IVE engadido) e con cargo á partida 9201.22706.

PRP2017/4767

Visto o informe da Policía Local en relación á solicitude de **d. Jesús Javier Prado Pereira** e/n Vial Santa Eulalia S.L., para facer prácticas de condución polas rúas do municipio e as de manobra e destreza na zona de aparcamento de vehículos sito no Polígono Industrial do Pousadoiro, a Xunta de Goberno Local autoriza a realización das prácticas de condución polas rúas sempre que non se realicen en horas punta, entre as 12:00 e as 14:00 horas e entre as 18:00 e 20:00 horas en inverno e entre as 12:00 e as 14:00 horas e entre as 20:30 e as 22:00 horas en verán.

No referente á ocupación de vía pública para manobras de destreza, deberase acoutar unha zona para uso exclusivo da empresa de forma eventual, esta actividade está recollida na Ordenanza Municipal de Circulación, nos artigos 65 e seguintes, no que se regulan as reservas de espazo e cortes de rúa eventuais.



PRP2017/4768

Dáse conta do escrito de Dona Marta García Lago, en representación de **Agencia Klip, S.C.**, solicitando autorización para a realización do VI Salón Arosa Novias. A Xunta de Goberno Local autoriza o uso das instalacións do Recinto Feiral de FEXDEGA, dende o 23 ao 31 de outubro para a celebración do evento, e as fases de montaxe e desmontaxe.

Debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cun capital asegurado de 300.000.00€.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá obedecer o disposto na Orde da Consellería de Xustiza, de 16 de xuño de 2005, sobre horarios de apertura e peche.
- Deberá contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.
- Deberá ingresar na conta da Fundación Fexdega a cantidade de 1.500,00€, en concepto de alugueiro das instalacións.(nº conta: ES95 2080 5067 1931 1003 3948)

PRP2017/4773

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Sistemas de Control Artes Gráficas, S.L.** o subministro de 5.000 impresos para a notificación de denuncias da Policía Local, por un importe total de 153,67€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/4863

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **MGS Seguros** para o seguro de sinistros do Servizo de Conciliatardes no Centro de Formación de Matosinhos, dende outubro de 2017 a xuño de 2018, por un importe total de 120,00 €, con cargo á partida 231.224,

Emprego

PRP2017/4798

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **Dona Angeles De la Torre Alves** (establecemento nutricionista).

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.000,00€, por cumprir os



requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/4799

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **Dona Rocío Nogueira Pacheco** (Kiosco Parque Miguel Hernández).

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 711,87€, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/4801

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **Dona Vanessa Lucía Vázquez Rey** (Kiosco Bar Praia Compostela).

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.872,75€, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/4803

Vista a proposta do Concelleiro de Promoción Económica e Seguridade en relación co Obradoiro de Emprego Vista Alegre, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Adxudicar á **Empresa Serviocio, S.L.** o servizo de prácticas de módulo de socorristas na piscina municipal, por importe de 2.685,15€ con cargo á partida 2412-22799.
 - Adxudicar á empresa **Pronesi, C.B.**, o suministro de roupa para 17 de persoas por importe de 1.785,00€, e gafas, gorros, chanclas e bañador por importe de 432,00€
- Proxecto (3) nº1/27/17 Partida orzamentaria 2412-22199.

PRP2017/4805

Vista a proposta do Concelleiro de Promoción Económica e Seguridade en relación co Obradoiro de Emprego "Labor@ Xove 2017" Concello de Vilagarcía, a Xunta de Goberno Local acorda:



- Adxudicar á Empresa **Clece, S.A.** o servizo de limpeza da sede do Obradoiro de Emprego Labor@ Xove 2017 Concello de Vilagarcía por un importe de 242,00€/mes, (IVE engadido), conforme á oferta presentada. Proxecto (3) N° 01/27/2017. Partida 2412.22799.
- Aprobar o calendario de vacacións pactado por tódolos traballadores do obradoiro.
- Aprobar as normas de Réxime Interno presentado pola dirección do obradoiro, como ferramenta de organización do obradoiro.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/4797

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o funcionamento da Escola Municipal de Musica, facendo constar:

Primeiro. A Escola Municipal de Música está a funcionar con total normalidade e co calendario previsto dende o 1 de xaneiro de 2017.

Segundo. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados imputables á situación subvencionada, referentes ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2017, son os seguintes:

CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
Nóminas activos	Salarios xaneiro-setembro	167.261,43€
Seguridade Social	Seguros sociais xaneiro-setembro	54.260,96€
	TOTAL	221.522,39€

Terceiro. Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen, se é o caso, a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia:

ENTIDADE	CONCEPTO	IMPORTE
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	Gasto corrente novo: limpeza Escola de Música	9.500,00€

Mercados

PRP2017/4808

Dáse conta da Orde de 4 de outubro de 2017 pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2018, pola que calquera concello poderá solicitar da consellería competente en materia de comercio a modificación de dúas datas para o seu termo municipal. Esta solicitude deberá ser motivada e realizarse antes do 15 de novembro, e ten que ser presentada acompañada dos informes emitidos pola cámara de comercio, industria e navegación da zona e polas organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo

PRP2017/4809

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Froiz, S.A.** para o subministro de avituallamento para os participantes da Ruta Goza do Ulla que se vai celebrar o domingo 22 de outubro, por un importe de 76,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 432-22612, coa seguinte desagregación:



100 plátanos	36,00€
100 mazás	23,00€
100 augas de 33 cl	17,00€

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Medio Ambiente

PRP2017/4811

Dáse conta do requirimento da Consellería de Medio Ambiente e ordenación do territorio en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público hidráulico en Avda. Doutor Tourón no T.M. de Vilagarcía de Arousa para que no prazo dun mes, a contar dende a presente notificación, acredite perante Augas de Galicia as medidas adoptadas para o cese dos vertidos denunciados.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e visto o informe do Enxeñeiro Municipal acorda comunicar a Augas de Galicia que se está a executar de maneira urxente e con persoal propio do concello a seguinte actuación:

- Reparación do pozo de rexistro deteriorado, con novos aros prefabricados de formigón, rexuntados con morteiro de cemento, para conseguir a estanquidade axeitada.
- Substitución do tramo do colector de saneamento actual, por unha nova canalización con tubo de PVC Ø400 mm SN-4 no tramo que se considere preciso.
- A execución dun novo pozo de rexistro encima da beirarrúa para poder realizar labores de inspección e mantemento no devandito regato.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/4812

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Centro Polivalente Ana M^a Parada S.L.**, para a realización de dúas sesións grupais de 2 horas cada unha para que un total de 20 persoas maiores se introduzan no uso das tecnoloxías da información e das comunicacións a través do uso do teléfono móbil, por un importe total de 240,00 €, con cargo á partida 2313.22634.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4813

Dáse conta da resolución de Secretaría Xeral da Igualdade, de concesión de subvención, por importe de 45.000€ para o Programa de apoio aos Centros de Información á Muller-CIM, Expte. SI427B 2017/30 destinada as seguintes accións, Dirección do CIM, As. Xurídico e At. Psicolóxica.

A Xunta de Goberno local queda sabedora.

PRP2017/4814

Vista a proposta da Concellería delegada da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Serigal Publicidade**, para a confección de



camisetas, por un importe total de 3.625,16€, así como o importe de 1.500€ para gastos varios, con motivo da campaña de sensibilización por mor da celebración o 25 de novembro do Día Internacional da Violencia de Xénero con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/4815

Vista a solicitude de Dona Marina M^a Barral Tomé e/n **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 1 do Auditorio, o día 24 de novembro de 2017, en horario de 9:00 a 14:00 horas, para realizar unha acción municipal formativa destinada a obter o Carné de manipulador de alimentos, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/4816

Vista a solicitude de **D. Enrique Sánchez Sotelo e/n Asociación Cultural Discursiva**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 18 de novembro de 2017, en horario de 20:00 a 22:00 horas, para a presentación do libro “Detrás de la Verja”, así como a cesión dunha mesa para a exposición de libros, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/4817

Vista a solicitude de **Dona Rocío Enjo Carril**, en representación da **Asociación de Pais Autismo (OS MECOS)**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, os días 12, 13, 14, 15, 16 e 17 de decembro de 2017, durante todo o día, para a celebración dun rastrillo benéfico, acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión de mesas, cadeiras, equipo de son e carteis.

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e



Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras, Área de Comunicación, Policía Local e Encargado do Auditorio.

PRP2017/4818

Vista a solicitude de **D. Evaristo Rodriguez Lopez e/n OAC-Consellería de Medio Rural**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario do Auditorio Municipal, os días 6, 7, 8, 9, 10 e 13 de novembro de 2017, en horario de 18:00 a 22:00 horas, para a impartición do curso “Aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios – nivel básico”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/4819

Vista a solicitude de D. José Luis Sanz Acosta, en representación da **A.C.M. Sociedad Filarmónica de Vilagarcía**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 7 de outubro, 2 de novembro e 1 de decembro de 2017, durante todo o día, para a celebración de una serie de concertos, a actividade é para todo o público tendo un prezo único de 18€, e con carácter gratuíto para os socios/as da Asociación, sendo a recadación para o solicitante.

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/4820

Vista a solicitude de Dona M^a de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación da **Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 10 de decembro de 2017, durante todo o día, para a celebración dun festival benéfico de danza xunto co Centro Artístico Begoña Fontán, cun prezo único de entrada de 3€, sendo a recadación para a entidade solicitante.



Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

Será responsabilidade da solicitante o control de aforo e deberá aportar póliza de responsabilidade civil e accidentes, así como copia compulsada do último recibo abonado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/4821

Dáse conta da resolución de concesión de axuda por parte da Consellería de Medio Rural e por importe de 47.551,30€, para Plan de Mellora de Camiños Municipais 2017-2018. Mellora dos camiños Rúa da Coviña e Rúa do Casal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/4822

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial, Servizo de Cooperación (Plan de Obras e Servizos 2017), pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención, por importe de 27.999,99€ con destino ó financiamento do investimento “INSTALACION DE ASCENSOR NO EDIFICIO DO CENTRO DE EMERXENCIAS” (Exp. 2017041715).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/4823

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial, Servizo de Cooperación (Plan de Obras e Servizos 2017), pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención, por importe de 99.999,99€ con destino ó financiamento do investimento “RENOVACIÓN DE BARANDILLAS NO ENTORNO DE VISTA ALEGRE”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/4824

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio coa empresa **Arrendamiento Grupo de Empresas Rey, S.L.** para a prórroga da cesión temporal do uso de parcela sa súa propiedade para aparcadoiro público e gratuito nas proximidades do Hospital do Salnés, ata o 10 de decembro de 2019.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2017/4869

Dáse conta da sinatura do convenio de colaboración coa Cofradía de pescadores Virxe do Rosario de Vilaxoan, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e aproba o recoñecemento de



obriga a favor da Cofradía de pescadores por importe do 50% dos gastos correntes derivados do consumo eléctrico, auga, limpeza e mantemento das instalacións e polo mantemento da axencia de lectura de vilaxoan, ascendendo a cantidade de gastos xustificadas a 5.617,04 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 334-22703.

PRP2017/4870

Dáse conta da resolución ditada pola Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio correspondente ao expediente nº PO-RES-2016/141, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda recoñecer a obriga a favor de Consellería de Facenda pola sanción relacionada co Punto Limpo, xa que, a instalación aínda non está adaptada ao novo R.D. 11/2015, e as actuais condicións de almacenamento dos aparatos eléctricos a intemperie ou en contedores é deficiente. A sanción ten un importe de 9.001,00 euros e con cargo á aplicación orzamentaria 929-22699.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:15 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.